

Roberto Varela Gestal, con NIF 32790604X, secretario nacional da CIG-Autónomica con enderezo a efectos de notificacións no Soto da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Edificio Administrativo San Caetano de Santiago de Compostela e no enderezo de correo electrónico [autonomica@cigadmon.org](mailto:autonomica@cigadmon.org), en nome e representación desta organización sindical, presenta as seguintes

## **ALEGACIÓNS RPT DA CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

Solicitamos una RPT completa e unha listaxe con todas as vacantes e non vacantes dos centros de traballo independentemente de que se estean a modificar nesta RPT. A Consellería está a ocultar o número de traballadoras e traballadores do centros de traballo e prodúcense amortizacións e despedimentos que provocan o peche de centros completos de traballo. Esiximos coñecer o estado actual das plantillas xa que temos a sospeita de que con estas amortización ademais dos despedimentos de compañeiras e compañeiros están a pechar servizos completos.

Esiximos tamén os informes das respectivas xefaturas xustificando a súa amortización en base a cambios organizativos, carta de traballo, etc.

No caso das prazas de laborais indefinidos observase nos presupostos de Galicia, no programa 541D relativo á Secretaría Xeral de Calidade, que xa están habilitadas 27 prazas na relación de postos da Secretaría Xeral de Calidade. No canto de modificar/eliminar prazas existentes cubertos e postos vacantes, resultaría máis lóxico incluír a todo o persoal que actualmente teñen nómina pagada pola Consellería de Medio Ambiente na RPT.

## **DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA**

A consellería destrúe decenas de postos para crear dous postos cun claro perfil de comisariado político e que pretenden nomear a dedo. Opoñémonos á destrución de emprego público con fins caciquís. O Partido Popular entende a Administración como unha finca na que colocar a amigos e familiares. Non imos permitir que haxa despedimentos para propiciar as tácticas electoralistas e controladoras do PP.

As aperturas de postos de traballo fanse de xeito irregular e partidista. A memoria non explica (e debe facelo) por que se abren os novos postos a enxeñeiros agrícolas e forestais e se omite a apertura, por exemplo, a biólogos que antes eran o persoal que dirixía os Parques. Parece que a Consellaría xa ten en mente o currículo dos futuros ocupantes e que están adaptando os postos a el. Este é o caso por exemplo nestas prazas:

CÓDIGO DO POSTO	PRAZA	TIPO ADMON	SUBGR.	TITULACION	ADSCRICION ADMON	PROVISION
MAC080000115770030	Xefatura de Servizo de Parques Naturais da Zona Norte	Especial	A1/A2	2019-2039	A11	Libre designación
MAC080000115770035	Xefatura de Servizo de Parques Naturais da Zona Sur	Especial	A1/A2	2019-2039	A11	Libre designación

A11: adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado, outras CCAA e administración local.

2019: enxeñería

2039: enxeñaría técnica

Estamos en contra da apertura a outras administración mentres non exista criterio de reciprocidade. Moito máis en postos de libre designación e politizados que se utilizan a mantenta para traer a amigos doutras administracións porque non teñen os méritos suficientes para facelo por concurso de traslados.

A Administración xustifica a creación destas dúas prazas para a *'realización das actuacións necesarias nos supostos de emerxencia que se podan producir no interior dos parques citados'* e tamén porque *'asume a realización das actuacións necesarias nos supostos de emerxencia que se podan producir no interior dos parques citados'*.

Temos que dicir que na actualidade a coordinación realizase a nivel provincial, dende as xefaturas de servizo correspondentes e onde a maiores xa existe unha xefatura de área técnica. con esta modificación non se avanza en coordinación nin unidade de acción dos parques naturais de Galiza.

Na Dirección Xeral xa existen postos, como a xefatura de conservación de espazos naturais, que contan cunha sección específica de espazos naturais e biodiversidade, que son responsables de garantir unha *actuación homoxénea na xestión compatible destes cos usos e actividades das poboacións nas que se sitúan, ao concentrarse nun único servizo as funcións até o de agora exercidas por cada un dos directores de parque existentes*. Esta xustificación é falsa xa que non existen directores nos parques xa que nunca se chegaron a cubrir as prazas polo que na actualidade son os xefes de servizo os que levan a dirección nos parques naturais, contando cun técnico responsable en cada espazo e sendo eles os que realmente coñecen as realidades da poboación a que fan referencia.

Defendemos que sigan existindo os postos de directores de parques porque son os postos que realmente garanten unha boa xestión dos espazos protexidos, tendo a posibilidade real de contar con profesionais que coñezan directamente a realidade de

cada espacio protexido e poder realizar así unha “*xestión compatible destes cos usos e actividades das poboacións nas que se sitúan*”.

POLO que non se deben eliminar os postos de directores de parque en ningún caso e moito menos a expensas dunha centralización (directores de zona) na que tanto pola distancia, como pola centralización desprovese do control e xestión destes espazos tanto na xefatura como no persoal técnico e os axentes, o que desfai unha estrutura de traballo que, sendo mellorable si se cubrisen as prazas de director de parque, funciona na actualidade moito mellor do que o faría de levarse a cabo esta proposta. Saltarse as provincias vai supor unha desprotección efectiva destes espazos, como se pode facer dende Santiago a coordinación de todo o persoal implicado? Como unha soa persoa pode coñecer tantos espazos e as súas problemáticas? Canto gasto persoal e económico suporía o desprazamento habitual para a realización das tarefas de dirección dende Compostela á Enciña da Lastra por exemplo?

Polo que de eliminarse os directores de parques non aceptamos en ningún caso as prazas substitutas propostas en Santiago de Compostela:

Xefatura de Servizo de Parques Naturais da Zona Norte
---

Xefatura de Servizo de Parques Naturais da Zona Sur
---

Entendemos que con esta proposta a Xunta de Galicia elimina os espazos naturais existentes, dando un auténtico golpe de estado para aumentar a desprotección do territorio non sabemos con que finalidade pero moito nos tememos que non teña nada que ver co ben común e moito con intereses de corporacións. So así se entendería a pretensión da Xunta do nomeamento do persoal mediante libre designación para asegurarse de que se a persoal titular non fai o que lle mandan será cesado para colocar a outra persoa máis dócil e que se pregue aos intereses do goberno.

Na DX de Conservación da Natureza plantéxase unha reordenación dos postos de traballo para pasar o Servizo de Conservación de Biodiversidade dende a Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade para depender da Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.

Rexeitamos esta modificación que supón voltar ao pasado franquista onde o medio ambiente era a caza, pesca e as campañas para a erradicación de alimañas.

É evidente ao pasar biodiversidade a depender da *subdirección de recursos cinexéticos e piscícolas*. Isto resulta ser un claro indicativo do valor que a consellería de medio ambiente da as especies e o patrimonio natural galego, onde a caza e a pesca prevalece sobre a propia conservación da biodiversidade, que pasa a ser xestionada como un recurso mais á explotar e entronca coa alegación ao respecto dos parques naturais. A Xunta pretende poñer o medio natural ao servizo do Partido Popular e dos seus intereses que lonxe dos públicos parecer ser outros moi distintos. Repetimos que non imos permitir que se desmantelen servizos e centros de traballo con ducias de traballadoras e traballadores encargados de defender o interese xeral que van ser

despedidos para que o PP diminúa a protección para adaptar a Administración aos seus intereses partidarios.

### Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

RPT ACTUAL				
CODIGO ACTUAL	PRAZA	CENTRO DIRECTIVO ACTUAL	LOCALIDADE	DEPENDENCIA ACTUAL
MA.C05.00.003.15770.002	Sub. X de residuos e <b>solos contaminados</b>	SX Calidade Avaliación Ambiental	Santiago de Compostela	S. X. DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS
MODIFICACIÓN PROPOSTA				
CODIGO NOVO	PRAZA	CENTRO DIRECTIVO PROPOSTO	LOCALIDADE	DEPENDENCIA PROPOSTA
MA.C05.00.003.15770.002	<b>Sub. X de residuos</b>	SX Calidade Avaliación Ambiental	Santiago de Compostela	S. X. DE RESIDUOS

O cambio de denominación é unha escusa para a eliminación de funcións dun posto de traballo. Non estamos de acordo con ela. A cuestión na que se sustenta esta modificación é na cesión de responsabilidades dun Subdirector de Residuos na Subdirección de Avaliación, sen ter un sentido práctico xa que a norma básica sobre a que se sustenta a existencia de esta Subdirección de Residuos, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminado, fixa as competencias en ambos campos. Que motiva unha reorganización de este tipo?, ¿non é competencia de Residuos a lei 22/2011?

### Dirección Xeral de Conservación da Natureza

RPT ACTUAL				
CODIGO ACTUAL	PRAZA	CENTRO DIRECTIVO ACTUAL	LOCALIDADE	DEPENDENCIA ACTUAL
MA.C08.00.001.15770.002	Sub X de Espazos Naturais e <b>Biodiversidade</b>	DX Conservación Natureza	Santiago de Compostela	DX Conservación Natureza
MA.C08.00.002.15770.002	Sub X de Recursos Cinéticos e Piscícolas	DX Conservación Natureza	Santiago de Compostela	DX Conservación Natureza
MODIFICACIÓN PROPOSTA				
CODIGO NOVO	PRAZA	CENTRO DIRECTIVO PROPOSTO	LOCALIDADE	DEPENDENCIA PROPOSTA
<b>MA.C08.00.001.15770.002</b>	<b>Sub X de Espazos Naturais</b>	DX Conservación Natureza	Santiago de Compostela	DX Conservación Natureza

MA.C08.00.002.15770.002	Sub X de <b>Biodiversidade</b> e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas	DX Conservación Natureza	Santiago de Compostela	DX Conservación Natureza
-------------------------	--	--------------------------------	---------------------------	--------------------------------

Novamente se disfraz de cambio de denominación un cambio substancial de concepto e funcións.

Esta proposta de modificación vai na liña da anterior, o cambio de nomes aquí supón un inadmisíbel cambio conceptual e ideolóxico que nos alonxa dos tempos actuais onde deberá prima o dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado e a conservación perante a explotación. A conservación non debe estar xestionada cos mesmos criterios ca actividade cinexética e piscícola (a caza e a pesca), debe entenderse como un ben en sí mesmo e debe priorizarse para favorecer as especies e a súa diversidade. O cambio de modelo vai na liña do anteriormente descrito e non nos cansaremos de repetir que a Administración non se pode converter no chiringuito do Partido Popular.

#### **B. APERTURA DE DETERMINADOS POSTOS ADSCRITOS Á SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO E Á DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA A OUTRAS TITULACIÓNS E SUBGRUPOS**

A Consellería alega, neste punto que, *‘A apertura das xefaturas de servizo de Planificación Urbanística I, II e III así como a xefatura de servizo de Obras e Supervisión de Proxectos á titulación de Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos responde aos criterios sentados pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de maio de 2008, segundo a que en materia de urbanismo é equiparable a idoneidade de Arquitectos Superiores e Enxeñeiros Superiores.’*

Entendemos que a Consellaría é respectuosa coas resolucións xudiciais pero preguntámonos se só con esta ou tamén coas decenas de sentenzas que teñen os traballadores indefinidos? Esas non se respectan? Conste, nestas alegacións que advertimos á Consellaría e nomeadamente as persoas que fan esta proposta que as sentenzas deben ser respectadas e cumpridas integramente e facemos mención expresa para que non se poida alegar descoñecemento á hora de tomar unha decisión por se esta fora considerada inxusta e/ou que non se ataña a dereito.

A Consellería fa que *‘Coa mesma finalidade de ofertar ao maior número de empregados públicos a súa cobertura, modifícanse os seguintes postos dependentes da DX de Conservación da Natureza’*

RPT ACTUAL			
CODIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	FORMACIÓN

MA.C08.00.002.15770.008	Xefatura Área Pesca Fluvial	A1-A2	2007-2021-3004
MA.C08.00.002.15770.009	Xefatura Área Técnica de Caza	A1-A2	2007-3004
MODIFICACIÓN PROPOSTA			
CODIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	FORMACIÓN
MA.C08.00.002.15770.008	Xefatura Área Pesca Fluvial	A1-A2	2003-2007-2021-2037-3003-3004
MA.C08.00.002.15770.009	<b>Xefatura Área Técnica de Caza</b>	A1-A2	2003-2007-2037-3003-3004 <b>engadir 2021</b>

**2003:** Enxeñería Agrónoma

**2007:** Enxeñería de Montes

**2021:** Licenciado en Bioloxía

**2037:** Licenciado en Veterinaria

**3003:** Enxeñería Técnica Agrícola

**3004:** Enxeñería Técnica Forestal

Non se entende nin se xustifica por qué vale un/ha licenciada/o en Bioloxía para a xefatura de pesca fluvial namentres non para a de caza. As funcións nesta materia véñenas desenvolvendo os biólogos na súa adscrición orgánica actual sen prexuízo de que haxa outras titulación acaídas para o posto que tamén poderían ser incluídas.

### C. ADECUACION DA ACTUAL RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL ÁS FUNCIÓNS QUE TEN ENCOMENDADAS ESTE CENTRO DIRECTIVO

A memoria, ao falar da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pon como obxectivos:

- *“dotar a este centro directivo, responsable das políticas en materia de protección ambiental, da estrutura e dos medios persoais necesarios para atender con eficacia e eficiencia, e cunha vocación de permanencia, o conxunto de competencias e funcións que ten encomendadas”*
- *“reducir as contratacións de encomendas de xestión para o desempeño de actuacións no eido medioambiental”*

e argumenta ademais que:

- *“eses postos de traballo, que desde o punto de vista organizativo perderon a súa funcionalidade, non sendo necesarios para o desenvolvemento das tarefas que ten encomendadas este centro directivo”*
- *“[esta modificación] permitirá acadar [...] unha relación de postos de traballo completada dotada tanto dunha estrutura de mandos intermedios, con funcións de coordinación e control, como dos postos de traballo NECESARIOS para dar cobertura a todas as áreas funcionais”*



- “[esta modificación] permitirá unha progresiva eliminación das contratacións de encomendas de xestión”

**As motivacións e os obxectivos que se pretenden acadar son ou ben FALSOS ou ben INCOHERENTES coas medidas tomadas**

Pois ben:

- Elimínanse precisamente os postos de traballo (que a propia memoria cualifica de NECESARIOS) para dar cobertura ás tarefas e créanse só os mandos intermedios con funcións de coordinación e control, funcións que quedan baleiras de contido ao non ter traballadores/tarefas ás que controlar. Por outra banda os postos de xefaturas que se crean van ser moi dificilmente cubertos axeitadamente polas características coas que se describen
- Con estas modificacións non hai un só recorte en asistencias técnicas, mantéñense tal cal están polo que é FALSA a pretendida redución das encomendas de xestión. As tarefas que supostamente se eliminan van continuar a facerse e precisamente será persoal alleo á administración (asistencias técnicas) o que siga desenvolvendo as tarefas das prazas que se amortizan, con todos os prexuízos asociados: custe maior, falta de control da administración, custes de asesoría xurídica, indemnizacións, etc
- O propio subdirector Xeral de Meteoroloxía e Investigación, Vicente Pérez-Muñuzuri ten afirmado que esta modificación “non se axusta ás necesidades de MeteoGalicia e do LMAG e que é unha barbaridade”. E, como vostedes saben, en relación a cuestións coma estas tería presentado a súa dimisión pendente de facer efectiva ata que a Consellería lle atope substituto.

**En referencia a algunhas das prazas afectadas pódese estar a bordear a legalidade e, por exemplo, provocar con coñecemento de causa situacións de nulidade nos despedimentos**

SUBDIRECCIÓN XERAL DE METEOROLOXÍA E INVESTIGACIÓN								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NI V	GR	CORPO	ADS ADMI N	TIT ACAD	FORM ESP	OBSERVACIÓNS
<b>PROPOSTA DE AMORTIZACIÓNS</b>								
MAC050000015770003	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	ESPECIAL	AXG		487	HORARIO ESPECIAL/ OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.
MAC050000015770004	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	ESPECIAL	AXG		487	HORARIO ESPECIAL/ OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.

MAC050000015770008	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	ESPECIAL	AXG		487	HORARIO ESPECIAL/ OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.
<b>PROPOSTA DE CREACIÓNS</b>								
MAC050000415770008	XEFATURA DE SECCIÓN DE PREDICIÓN OPERATIVA	25	A1	XERAL/ ESPECIAL/ DOCENTE	AXG		486-487	Dipoñibilidade Horaria/Xornada especial
MAC050000415770009	XEFATURA DE SECCIÓN DE PREDICIÓN NUMÉRICA	25	A1	XERAL/ ESPECIAL/ DOCENTE	AXG		486-487	Dipoñibilidade Horaria/Xornada especial

Como exemplo disto, as 3 prazas a amortizar na Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Investigación, (**MAC050000015770003**, **MAC050000015770004** e **MAC050000015770008**), correspondentes ao Departamento de Predición Numérica e Investigación de MeteoGalicia, coinciden completamente en funcións coas das 4 persoas (coas que comparten quendas, tarefas e ata coordinador) “subcontratadas” por TRAGSATEC, das cales 2 persoas teñen, como vostedes ben saben, 2 sentenzas que confirman (unha delas de xeito firme) a ilegalidade da súa situación mediante unha cesión ilegal de traballadores. Tarde ou cedo, van ter que crear esas prazas, para exactamente as mesmas tarefas que estas 3 que agora se eliminan.

En relación con isto facemos mención a que na memoria, anteriormente, se fai mención expresa a sentenzas que afectan a RPT. Reiteramos que as sentenzas deben cumprirse todas. E **queremos facer constar de novo que advertimos á Consellaría e nomeadamente as persoas que fan esta proposta que as sentenzas deben ser respectadas e cumpridas integramente e facemos mención expresa para que non se poida alegar descoñecemento á hora de tomar unha decisión por se esta fora considerada inxusta e/ou se non se ativera a dereito.**

Isto abonda no antes comentado, a amortización destas prazas non supón redución de encomendas de xestión, senón que supón a eliminación das únicas prazas que de xeito legal podían estar desenvolvendo esas tarefas.

As tres prazas amortizadas, debido ás tarefas desenvoltas, non supoñen só unha fonte de gasto senón unha fonte de ingresos, pois a súa dotación económica está soportada por diferentes proxectos europeos subvencionados con fondos FEDER. É dicir, mediante os distintos fondos FEDER que a Unión Europea concede e dos que a CMATI recibe parte polas funcións desenvoltas en MeteoGalicia cobren boa parte dos custos dos soldos destas prazas. Un exemplo claro son os proxectos RAI A, a súa continuación RAIACO e agora RAI A-TEC e o proxecto EnergyMARE nos que están a participar as persoas que actualmente ocupan estas prazas. Así mesmo, impide á Subdirección Xeral en cuestión e á Consellaría por extensión o poder participar en novos proxectos de



investigación dentro do programa HORIZONTE2020 en cuestións tan importantes como a contaminación por aerosois e o Cambio Climático, sendo este último onde se inviste a maior parte do diñeiro.

Adicionalmente estas tres prazas que pretenden amortizar están actualmente suxeitas a distintos procesos aínda sen resolver tanto na vía laboral como na contencioso-administrativa, debido a que incumpren as sentenzas que provocaron a súa creación. Nese mesmo proceso está en cuestión, aínda sen resolver, a posible afección de dúas desas prazas ao proceso de consolidación de emprego

Tamén queremos facer mención á casualidade de que dos 10 traballadores que van a ser amortizados , 6 deles sexan da mesma Subdirección Xeral. Entendemos que isto non é unha simple coincidencia e que obedece a outras razóns.

Resumindo, suprímense prazas de traballadores de base para crear prazas de xefaturas de sección cando dificilmente van a ser ocupadas e, de selo, non van a ter a persoal da administración a quen dirixir. E se dirixen a alguén sería a persoal contratado ilegalmente mediante encomendas de xestión que están a ser declaradas cesións ilegais de traballadores polos tribunais de xustiza. (Esixir que de eliminar que eliminen as encomendas de xestión e asistencias técnicas)

### **LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA**

En relación ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG) a memoria funcional inclúe aspectos que se afastan da realidade actual do LMAG.

O Laboratorio de Medio Ambiente é unha única unidade administrativa con dúas sedes: unha na Coruña e outra en Lourizán (Pontevedra). A sede da Coruña está especializada fundamentalmente no control do aire ambiente e na análise química de contaminantes en diferentes matrices de interese ambiental mentres que a sede de Pontevedra está especializada análises biolóxicas e de calidade das augas, o que inclúe a análise química de nutrientes das augas.

Cabe destacar que, aínda que as dúas sedes contan con infraestrutura e medios de traballo en continua mellora, ningunha das dúas sedes conta cunha estrutura real a nivel de relación de postos de traballo sendo insuficientes os postos actuais para as tarefas técnicas que se están realizando nestes centros. Así, o LMAG se serve de postos de persoal especializado tecnicamente que se subcontratan mediante encomendas de persoal. Non existe suficiente persoal propio da Administración cualificado tecnicamente para desenvolver moitas das tarefas que realiza o persoal subcontratado.

Esta insuficiencia de postos de traballos técnicos é especialmente acusada na sede de Pontevedra, dotada actualmente dun único posto de traballo coa categoría de analista. Este posto, ocupado actualmente por unha persoa coa categoría de persoal laboral non fixo, cualificado para as tarefas que desempeña, se amortizaría segundo a proposta de modificación de RPT. Así, malia a creación das prazas propostas para este

centro, mentres estas non se cubran e transcorra un período de formación dos seus ocupantes, todas as actividades da Rede de Observación Ambiental recaerían sobre persoal externo subcontratado con encomendas de persoal. A este respecto cabe engadir, que os novos postos propostos non son suficientes para cubrir todas as actividades que se están a realizar neste centro.

A amortización de prazas de postos técnicos vacantes na Coruña, tampouco se pode xustificar tendo en conta a carga de traballo asignada a persoal laboral non fixo e a técnicos subcontratados con encomendas. De novo é salientable a elevada especialización técnica e de coñecementos legislativos requirida para o desenvolvemento das tarefas realizadas nesta sede, esta especialización pérdese coa amortización das prazas.

Respecto a creación de postos intermedios e de mando no LMAG a proposta non se adecúa ao traballo real das dúas sedes. Concretamente na sede da Coruña:

- A amortización de postos de químicos non se xustifica coa realidade do traballo da sede da Coruña enfocado fundamentalmente ao control e análise de contaminantes químicos. Con estas amortizacións e antes da cobertura da plaza de “xefatura de análises físico químicos” unicamente quedarían ocupados dous postos base, un deles ocupado por persoal prexubilado e o seu remudista, cuxa continuidade non está asegurada unha vez finalizado o contrato temporal.
- Non se contempla a creación dun posto de responsabilidade para a avaliación de resultados de redes de control.

Por outra banda, aínda que non teña importancia a nivel estrutural, a memoria funcional da proposta de modificación de RPT inclúe outros aspectos erróneos que se deberían corrixir como son:

- En relación a auga de chuvia na proposta se indica que que no LMAG se están avaliando os datos dos últimos anos do contido de ións e metais en auga de chuvia, como paso previo á implantación dunha rede de estacións de auga de chuvia, cando esta rede xa está implantada.
- No LMAG, neste centro non se realizan análises a demanda de particulares. O LMAG non conta con taxas para as análises que se realizan no seu centro e o traballo analítico se realiza a demanda ou en convenio con distintos servizos da Administración.
- Respecto os proxectos de investigación nos que participa o LMAG na proposta faise referencia a proxectos xa finalizados.
- A RPT do LMAG non incluíu en ningún momento dun informático e na actualidade este tipo de postos da Xunta de Galicia están asignados a AMTEGA.
- Nas liñas de actuación do LMAG non se inclúe a vixilancia e control da Rede de Calidade do Aire, actuación historicamente desenvolvida no LMAG e que se trasladou á Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Investigación asignando a responsabilidade

da mesma a un posto, cuxa denominación non se corresponde coa actividade a desenvolver.

Por todo isto, a memoria funcional mostra unha anticuada descrición da situación e dos traballos que se realizan, algúns dos mesmos, que si se realizan, quedarían en mans das asistencias técnicas, dirixidos e coordinados por persoal externo, e en outros casos, como no tema de emisións, quedarían gravemente prexudicados pola reforma deseñada nesta RPT.

LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NI V	GR	CAT- CORPO	ADS ADMI N	TIT ACAD	FORM ESP	OBSERVA CIONES
<b>PROPOSTA DE AMORTIZACIÓNS</b>								
MAC050040115001003	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	ESPECIAL	AXG	2005/ 2035		OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON
MAC050040115001004	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	ESPECIAL	AXG	2035		
MAC050040115001005	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	ESPECIAL	AXG	2035		
MAC050040115001007	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	ESPECIAL	AXG	2035		
MAC050040115001014	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL	AXG			
MAC050040115001019	TITULADO/A SUPERIOR		1	004(1)			519	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.
MAC050040136001010	ANALISTA DE LABORATORIO		3	017(3)				OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.
<b>PROPOSTA DE CREACIÓNS</b>								
MAC050040115001003	XEFATURA ÁREA DE ANÁLISES FÍSICO- QUÍMICO	26	A1	ESPECIAL	AXG	2035	* 746 871 777	
MAC050040115001004	XEFATURA ÁREA DE ANÁLISES BIOLÓXICOS	26	A1	ESPECIAL	AXG	2021	* 746 852	

MAC050040136001003	XEFATURA SECCIÓN DE ANÁLISES BIOLÓXICOS	25	A1	ESPECIAL	AXG	2021	* 746 852	
MAC050040115001027	AUXILIAR DE LABORATORIO	11	C2	A1	AXG			
MAC050040136001010	AUXILIAR DE LABORATORIO	11	C2	A1	AXG			

Indicamos que a Resolución do 20 de decembro de 2014 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de decembro de 2013 polo que se aproba a modificación da RPT da Consellaría de Sanidade derivada do Plan de Ordenación e recursos humanos dos laboratorios de saúde pública dependentes desta e que con data 1 de xaneiro de 2014 na resolución os postos de traballo CS.A99.10.006.15001.012, CS.A99.10.006.15001.014 e CS.A99.10.006.15001.014 foron traspasados ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia na Coruña pertencente á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Dado que os citados postos continúan na RPT de Sanidade (Laboratorio de Saúde Pública da Coruña) e que se pon encima da mesa a negociación da RPT solicitamos que os postos sexan incorporados nela o máis pronto posibel. Pódese observar que nos presupostos xerais de Galicia xa están estes postos no Programa 541D, definidos como RESPONSABLES AREAS (duas prazas) e TITULADO SUPERIOR LABORATORIO (unha praza). Estas novas prazas creadas co presuposto retraído da Consellería de Sanidade deben ter a consideración de prazas para os funcionarios da Lei 17/1989, e debe ser analizada con profundidade a fixación de novos criterios para que o persoal de esta norma poida acceder en condicións de igualdade ao resto de prazas de funcionario clasificados nas RPTs como AXG, coa mesma titulación. Isto permitirá que todo o persoal da Lei 17/1989 acceda aos concursos futuros de Corpos Facultativos Superiores da Xunta.

Sobre posto MAC050040115001003 que se pretende amortizar temos que dicir que non existe na memoria funcional ningunha referencia as actividades que se amortizan no laboratorio. No caso o PRTR (Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes) é unha obriga regulada no Real Decreto 508/2007 e a persoa que o está a realizar é o responsábel ante o MAGRAMA e a CMATI. Ademais disto encárgase das modificacións que se realizan no PRTR-Galicia e REGADE-CAPCA ademais de administración da aplicación e laboratorio ORALIMS, xunto coa directora do centro.

Ante isto preguntámonos en que situación vai quedar a aplicación da Lei 34/2007, o RD 100/2011, RD 508/2007, RD 815/2013 e outros moitos relativos ás actividades contaminantes na atmosfera. A todo isto hai que engadir que as competencias establecidas no Decreto 44/20012, de 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da CMATI cítase especificamente "As funcións de control das redes

de calidade do ar e do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes” e queda en cuestión o Programa 541D da Lei de Orzamentos do presente ano.

Hai que engadir que isto se fixo sen solicitar informe ao persoal responsábel do órgano directivo o que provoca que esta e anteriores modificación sexan arbitrarias e fai que sexan decididas fóra da lóxica do traballo na Administración.

Queremos saber tamén se o rexistro PRTR vai desaparecer se se eliminan os postos que o están a realizar.

Na memoria que nos remitiron en agosto, aparecían unha serie de postos de nova creación de persoal laboral indefinido, por mor de sentenzas de indefinición. Entre eles estaba unha praza no laboratorio de Lourizán de analista de laboratorio. O código proposto en dita memoria para este posto era: MAC050040136001010. Curiosamente na documentación que enviaron agora este mesmo posto, que entendemos non foi creado dado que a proposta de agosto non foi a ningunha mesa, aparece na páxina 21 a amortizar e crean outra de funcionario de auxiliar de laboratorio co mesmo código. Non entendemos como propoñen a creación dunha praza de auxiliar de laboratorio como de funcionario, por outra non sabemos porque, se hai unha sentenza de indefinición e tiñan a proposta de crear o posto de analista de laboratorio en agosto en cumprimento da citada sentenza, agora cambian os criterios. Non existen auxiliares de laboratorios funcionarios en ningún laboratorio da Xunta de Galicia, son todos laborais, supoño que o de facela funcionario e para non pagarlle os pluses que o resto do persoal si cobran.

A praza MAC050040115001019 realiza funcións de recollida de mostras en inspeccións, quen vai ir facer ese traballo? O resto do persoal ten demasiado traballo no laboratorio para poder asumir esa tarefa, van a facer a toma de mostra os inspectores?

O Laboratorio de Medio Ambiente na súa sede de Pontevedra ten todo o seu persoal contratado mediante asistencias técnicas, a única praza de laboral é a anteriormente mencionada que pretenden amortizar co único motivo de votar á compañeira que a ocupa e que a gañou por sentenza. Como se entende un centro de traballo cunha xefatura de sección e un auxiliar de laboratorio? A quen vai dirixir a xefatura de sección? As asistencias técnicas seguindo incumprindo a lei coa cesión ilegal de traballadores?

Todo o persoal laboral do laboratorio de Medio Ambiente de Galicia pola súa especial singularidade ten recoñecido na RPT actual os pluses de toxicidade, perigosidade e penosidade. Solicitamos que se inclúan nos postos de traballo de persoal laboral creados polas sentenzas de cesión ilegal de traballadores estes pluses, tanto nas xa creadas como nas que se van a crear para compañeiros que xa teñen gañada a sentenza. As condicións, o ambiente e as funcións de traballo son exactamente as mesmas para todo o persoal, polo que non entendemos esta discriminación.

Na súa sede de Coruña amortizan tres prazas de químicos posto base subgrupo A1 vacantes, unha ocupada por persoal laboral indefinido, e unha de laboral titulado superior tamén ocupada por persoal laboral indefinido, coa única intención de crear dúas de nivel superior con nomes e apelidos. As vacantes non as cobren pero hai catro titulados superiores e tres auxiliares contratados con asistencias técnicas dende fai máis de dez anos.

No relativo aos postos vacantes de Titulados Químicos (MAC050040115001004/5/7), a perda de estes postos de traballo no Laboratorio pode supoñer unha descarga dos contidos da Oferta de Emprego Público 2015 e unha reconversión das actividades do laboratorio que no canto de conter na RPT titulados Químicos (5), Farmacéuticos (2), Biólogos (3), Ing. Industriais (1) pasaría a ter nesta conversión unha RPT composta no que se refire a Titulados Superiores de Químico (2), Farmacéuticos (2) e Biólogos (5). Non semella unha reconversión equilibrada para un laboratorio que ten no seu alcance de acreditación tarefas netas de análises físico/químico, tarefas estas que nos contidos dos temarios de oposicións de químicos e nas actividades asimiladas a Químicos nas RPTs están destinadas a esta titulación. Supoñemos que estas tarefas de complemento sobre as actividades do laboratorio, segundo a estruturas da nova RPT, as realizarán as asistencias técnicas existentes e as que se contratarán para estes cometidos no futuro (Actualmente nas asistencias técnicas adscritas ao LMAG están englobados 4 titulados superiores: 2 Licenciados en Químicas, 1 Biólogo e 1 Farmacéutico) porque ao non cubrir as prazas vacantes (3 prazas de Químico se encontran nesta situación) son absolutamente necesaria as asistencias técnicas para o correcto funcionamento do dito laboratorio.

### SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN AMBIENTAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN AMBIENTAL								
SERVIZO INTERVENCIÓN AMBIENTAL								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	IIV	GR	CAT-CORPO	ADS ADMI N	TIT ACAD	FORM ESP	OBSE RVAC IÓN
PROPOSTA DE AMORTIZACIÓNS								
MAC050000115770031	XEFATURA UNIDADE INTERVENCIÓN AMBIENTAL VII	25	A1	ESPECIAL	AXG	2019	777/ 787/ 954	
MAC050000015770022	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL	AXG			OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.



MAC050000015770025	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL	AXG				OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.
<b>PROPOSTA DE CREACIÓNS</b>									
MAC050000015770013	XEFE/A NEGOCIADO ADMINISTRATIVO IV	18	A2C1C2	XERAL	AXG				
MAC050000015770014	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO V	18	A2C1C2	XERAL	AXG				

Na vixente relación de postos de traballo da CMATI o servizo de Intervención Ambiental está integrado por catro áreas e dez unidades xunto con unha sección de control ambiental. Todas teñen funcións.

Debido a que o número de inspeccións realizada se multiplicaran por seis nos últimos anos, sendo 4162 o número de 2013 fronte as 712 que se realizaron en 2009. Isto leva consigo unha carga administrativa que require contar con prazas adecuadamente dotadas para o seu desenvolvemento, con responsabilidade sobre a clasificación, rexistro e organización de ficheiros e arquivos derivados do traballo de inspector que participen nos trámites administrativos que se deriven.

A administración propón crear dúas xefaturas de negociado e para dotalas orzamentariamente propónse a amortización dunha unidade de intervención (vacante) e dous postos base C2 ocupados por persoal laboral indefinido non fixo mediante sentenza de indefinición de data 15 de decembro de 2009 e 26 de novembro de 2011 dos xulgados nº1 e nº2 de Santiago de Compostela, respectivamente.

Indicamos que hai funcións de arquivo realizadas pola empresa Arkheia Gestión Documental, contratada para o traballo do arquivo da documentación histórica pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental dende fai varios anos.

A memoria pretende xustificar a amortización daqueles postos de traballo que desde o punto de vista organizativo perderon a súa funcionalidade.

Non é o caso das prazas citadas que realizan tarefas de formación, colaboración coa policía autonómica, redacción e tradución a galego de informes e memorias elaboradas polo Servizo e moitas outras que xustifican a continuidade dos postos.

<b>SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN AMBIENTAL</b>									
<b>SERVIZO XESTIÓN AMBIENTAL</b>									
<b>CÓDIGO DE POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>NIV</b>	<b>GR</b>	<b>CAT- CORPO</b>	<b>ADS ADMIN</b>	<b>TIT ACAD</b>	<b>FORM ESP</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>	
<b>PROPOSTA DE AMORTIZACIÓNS</b>									

MAC050000015770005	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	A1	XERAL	AXG		501	OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.
<b>PROPOSTA DE CREACIÓNS</b>								
MAC0500000115770007	XEFATURA DE SECCIÓN XESTIÓN E CONTROL FONDOS EUROPEOS	25	A1	XERAL	AXG		Experiencia en xestión e/ou control Fondos Europeos	

Comeza a memoria presentando os pretendidos obxectivos a acadar coa dita modificación e sinala, textualmente, *“dotar á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, responsable das políticas en materia de protección medioambiental, da estrutura e dos medios persoais necesarios (1) para atender con eficacia e eficiencia (2) o conxunto de competencias e funcións que ten encomendados o que permitirá unha progresiva eliminación das contratacións de encomendas de xestión (3) para o desempeño de actuacións no eido medioambiental”*.

A solución proposta para acadar a consecución destes tres obxectivos é, ao entender deste centro directivo, a supresión ou amortización de dez prazas, todas elas ocupadas curiosamente por persoal laboral indefinido. Tratar de conciliar ámbalas dúas cuestións (obxectivos e solución adoptada) non resulta doado nin tampouco xustificable ao abeiro desta memoria, máis ben todo o contrario.

A elaboración e xestión das convocatorias de subvencións convocadas por esta Secretaría Xeral (e xa adianto, en relación co que direi máis adiante, que son subvencións cofinanciadas con cargo ao Programa Operativo 2007-2013). Neste último ano as tarefas encomendadas ao respecto víronse claramente mermadas (pero non porque non as houbera) polo que, intúese que esa situación obedecía a unha estratexia e planificación evidente en relación coas medidas que agora se adoptan. A título indicativo sinalar que, na actualidade, cinco asistencias técnicas (as que habería que engadir dúas en situación de baixa maternal) realizan a revisión e propostas de pago dos expedientes que aínda están pendentes.

Queremos deixar constancia que as alusións que me vexo obrigada a realizar respecto das tarefas ou da labor que prestan outros compañeiros van dirixidas a demostrar a incerteza da pretendida motivación ou xustificación recollida pola memoria á que nos vimos referindo.

Un exemplo, para xustificar a amortización da praza MAC050000015770005 sinálase que, para dotar orzamentariamente a praza que se pretende crear (Xefatura de Sección de Xestión e Control de Fondos Europeos) é preciso proceder á amortización *“dun posto base subgrupo A1 actualmente vacante e ocupado por persoal laboral indefinido non fixo que viña prestando servizos na Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, na xestión das axudas outorgadas con cargo aos créditos da Secretaría*

*Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Propponse a amortización deste posto xa que como consecuencia das restricións orzamentarias, este centro directivo deixará de xestionar axudas ao carecer de crédito para elo”.*

Estas axudas convocadas no período 2010-2014 foron cofinanciadas por fondos comunitarios, en concreto polo FEDER, e moitas outras tarefas relacionadas cos proxectos financiados con cargo a Fondo de Cohesión (entre elas, a elaboración dos Informes Finais relativos aos grupos de proxectos identificados cos códigos Nº CCI: 2000 ES 16 C PE 021 e Nº CCI: 2001 ES 16 C PE 045, que foron presentados pola Xunta de Galicia, nos anos 2004 e 2006, á Comisión Europea para a percepción do saldo final destes fondos destinados a actuacións en materia de xestión de residuos). Aspecto este que queremos significar no tocante ás afirmacións que se fan da necesidade de contar con persoal “coa experiencia suficiente na xestión e control de fondos europeos”, un dos argumentos que se emprega para xustificar a creación desa nova xefatura de de Sección de Xestión e Control de Fondos Europeos dentro do Servizo de Xestión Ambiental cando xa existe o persoal con experiencia.

### **SUBDIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL**

SUBDIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NI V	GR	CAT- CORPO	ADS ADMI N	TIT ACAD	FORM ESP	OBSERVACI ÓNS
<b>PROPOSTA DE AMORTIZACIÓNS</b>								
MAC050000015770009	POSTO BASE SUBGRUPO A2	16	A2	ESPECIAL	AXG	3005		OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.
MAC050000015770023	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL	AXG			
MAC050000015770024	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL	AXG			
<b>PROPOSTA DE CREACIÓNS</b>								
MAC050000215770023	ÁREA TÉCNICA II	26	A1	ESPECIAL	AXG	2019 2035		
MAC050000015770015	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO VI	18	A2C1C 2	XERAL	AXG			

Neste caso plantéxase crear un posto de cargo intermedio no sistema de nivel 26 e un xefe de negociado, nivel 18. Non se entende a amortización de postos cubertos por sentenza de despido nulo de forma tan torticera. Non parece motivo suficiente cando, en teoría, no servizo no que está adscrita a praza amortizada (Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación) só existe un xefe de servizo, un xefe de area

técnica e dous titulados A1 e A2, laborais indefinidos. Pensase que existen máis persoas no departamento (asistencias técnicas e laborais indefinidos) pero non parece interesante a inclusión na RPT, por motivos descoñecidos parece mais importante a amortización de prazas que o feito de cumprir as sentenzas xudiciais.

Dentro da Secretaría Xeral de Calidade existe un mínimo de 6 persoas con sentenzas executadas pola Consellería e que aínda non constan na RPT da CMATI. Cal é o motivo de que non se inclúan antes dunha reestruturación? Non é obrigatorio incluír estas prazas na RPT nun prazo non superior a 3 meses? Existe algún motivo económico ou organizativo para xestionar antes unha amortización de prazas que unha creación por sentenza e a súa inclusión na RPT?

**Prazas amortizadas**

<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>CÓDIGO DE POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>NIV</b>	<b>GR</b>
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	MA.C02.00.000.15770.010	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	MA.C02.00.000.15770.012	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	MA.C02.00.000.15770.018	POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	MA.C02.00.000.15770.025	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
S. X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	MA.C04.00.000.15770.003	ARQUITECTO/A-ENXEÑEIRO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26
S. X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	MA.C04.00.000.15770.012	ARQUITECTO/A-ENXEÑEIRO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26
S. X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	MA.C04.00.000.15770.017	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A2	22
S. X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	MA.C04.00.000.15770.019	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
S. X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	MA.C04.00.000.15770.025	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
S. X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	MA.C04.00.000.15770.042	XEFATURA NEGOCIADO DELINEACIÓN	C1	18
S. X. DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	MA.C05.00.000.15770.020	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
D. X. DE MOBILIDADE	MA.C07.00.000.15770.006	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
D. X. DE MOBILIDADE	MA.C07.00.000.15770.007	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	MA.C09.00.000.15770.021	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MA.C99.10.000.27001.022	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MA.C99.10.000.27001.031	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12

XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MA.C99.10.000.27001.043	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL OURENSE	MA.C99.10.000.32001.005	ARQUITECTO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	MA.C99.10.000.36001.060	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	MA.C99.10.000.36001.111	XEFATURA DE GRUPO II	C1-C2	14
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	MA.C99.10.000.36001.181	LIMPADOR/A	V	11
DISTRITO: V - FISTERRA	MA.C99.30.050.15910.004	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: MARIÑA ORIENTAL	MA.C99.30.062.27470.003	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: OS ANCARES	MA.C99.30.071.27060.005	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: QUIROGA	MA.C99.30.082.27490.003	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: OURENSE - CELANOVA	MA.C99.30.121.32001.005	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: ALLARIZ - MACEDA	MA.C99.30.122.32430.005	AXENTE	C1-C2	14
COMARCA: VALDEORRAS	MA.C99.30.131.32090.005	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: TERRA DE CALDELAS - TERRA DE TRIVES	MA.C99.30.132.32620.005	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: VIANA - PARQUE NATURAL MONTES DO INVERNADOIRO	MA.C99.30.142.32340.005	AXENTE	C1-C2	14
ZONA: CALDAS - SALNÉS	MA.C99.30.192.36590.006	AXENTE	C1-C2	14
INSTALACIÓNS DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA - CENTRO ICTIOXENEICO DE SOBRADO	MA.C99.40.301.15790.100	OFICIAL DE ESTABLECEMENTO	IV	42
INSTALACIÓNS CONSERVACIÓN DA NATUREZA - CENTRO CINEXÉTICO DE MOURISCADE	MA.C99.40.301.36240.030	PEÓN/OA FORESTAL	V	10F

A xustificación deste grande número de prazas non pode ser unicamente económica, xa de tódalas vacantes existentes. Esiximos que xustifique en base as necesidades de servizo e de traballo real.

**Compre a listaxe de vacantes de toda a consellería e de prazas sen cubrir (vacantes e non vacantes) ademais dun informe das xefaturas xustificando a súa amortización en base a cambios organizativos ou/e carga de traballo.**

A CIG ten reclamado en innumerábeis ocasións que se cubriran estas prazas porque vemos necesaria a súa cobertura. Non só a Administración fixo caso omiso senón que agora pretenden que non volva a estar nunca máis na RPT.

No caso dos axentes medioambientais as numerosas amortizacións van na contra da esixencia social das actividades de policía e control dos impactos no medio natural. So

se entende a intención desta amortización unida ao traspaso e reforzo de funcións en materia de protección da natureza dos corpos e forzas de seguridade do estado, en concordancia tamén disposto polo goberno do PP na recente Lei de caza de Galicia. Este traslado de competencias exclusivas da comunidade autónoma galega á administración xeral do estado supón a manifestación clara do desmantelamento efectivo deste servizo público galego e que ven sendo denunciada pola CIG nos últimos anos. Ademais coa nova estrutura de dirección centralizada en Compostela supón que os parques naturais queden definitivamente desprotexidos. Unha mostra máis do desinterese pola protección do medio que manifesta esta consellería.

## AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Amortizacións:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL /CAT.	CUSTO ANUAL
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	MA.X01.00.000.15770.049	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20	37.333,56
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	MA.X01.00.000.15770.063	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12	23.034,36
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	MA.X01.00.000.15770.066	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12	23.034,36
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	MA.X01.00.000.15770.068	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12	23.034,36
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	MA.X01.00.000.15770.070	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12	23.034,36
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.150	AUXILIAR TÉCNICO/A DE OBRA T.I. E E.	III	60	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.151	AUXILIAR TÉCNICO/A DE OBRA T.I. E E.	III	60	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.175	CAPATAZ DE CUADRILLA	III	67	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.179	CAPATAZ DE CUADRILLA	III	67	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.202	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.204	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.205	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.245	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.120	AUXILIAR TÉCNICO/A DE OBRA T.I. E E.	III	60	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.127	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.129	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.136	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.138	OPERADOR/A MAQUINARIA PESADA	III	64	27.853,71



DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.142	OPERADOR/A MAQUINARIA PESADA	III	64	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.145	CAPATAZ DE CUADRILLA	III	67	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.149	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.159	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.162	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.193	OFICIAL 1ª MECÁNICO/A	III	82	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.211	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.212	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.218	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.219	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.223	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.236	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.240	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.266	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.142	ENCARGADO/A XERAL	III	8	28.983,43
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.160	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	26.623,69
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.168	OFICIAL 1ª CONDUCTOR/A	III	63	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.178	CAPATAZ DE CUADRILLA	III	67	27.853,71
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.195	CONDUCTOR/A	IV	16	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.198	OFICIAL 2ª	IV	18	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.208	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.217	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA	MA.X99.10.000.36001.229	LEGOEIRO/A	IV	31	24.416,13

Non estamos de acordo coa amortización dos 41 postos de traballo. Queremos saber se son vacantes puras ou hai traballadores ocupándoas.

Destes 41 postos, 5 son funcionarios/as en servizos centrais e o resto son laborais: 8 na Coruña, 7 en Lugo, 12 en Ourense e 9 en Pontevedra, a maior parte deles legoeiros/as.

Entendemos que con esta merma de postos a Xunta está a incidir nunha maior privatización do servizo e que aumentará no futuro seguindo o rego de privatizacións ás que somete este goberno á Administración non estamos de acordo.

Poñemos un exemplo: amortízanse un total de 7 prazasen Lugo (e isto acontece tamén noutras xefaturas territoriais), entre elas de condutor e de operador de maquinaria pesada. Operadores de maquinaria quedarían dúas prazas nas que os titulares están con xubilación parcial e nun ano xubiláranse. No servizo hai maquinaria, excavadoras, camións, tractores,... Senón hai persoal desas categorías quen vai a facer uso delas? van ser cedidas a empresa privada? Indicar que moita maquinaria está recén mercada cos cartos dos impostos das galegas e galegas. A dirección política da consellaría traballa a golpe de ocorrencia. De verdade pensa que é entendíbel mercar maquinaria nova e prescindir do persoal que a debe conducir?

Sobre os postos de legoeiro temos que dicir que durante estes días de neve os condutores das máquinas quitaneves saíron acompañados de legoeiros e agora prodúcese a amortización das prazas que desenvolvería estas funcións dando mostras de que as cousas nesta consellaría faise a golpe de improvisación e ocorrencia.

A xefatura de servizo da delegación provincial da AXI de Ourense pásana de A1 a A1-A2 e a formación pásana de 2004 (enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos) a 2004-3007 (enxeñeiro Técnico de Obras Públicas)

O argumento é que as persoas que teñen esta nova titulación teñen os coñecementos suficientes para o exercicio das funcións que corresponden aos xefes das Delegacións provinciais da AXI. Non entendemos por que se retiran as titulacións anteriores, se o argumento é que con estes cambios amplían a súa oferta a un maior número de empregados públicos cal é a argumentación neste caso?

A maiores diso como xustifican que ás xefaturas de servizo das outras delegacións provinciais non lle aplican estes cambios?

Esta modificación das RPT's ten dous obxetivos claros, por unha banda unha vinganza para votar á rúa os compañeiros que gañaron por sentenza e darlle unha clara menxase ó resto das asistencias técnicas para que non sigan denunciando. E por outra banda amortizar prazas para crear outras de niveis superiores para asegurarlle o posto ós seus. En ningún caso conséguese unha millor organización do traballo, senón todo o

contrario, nalguns casos quedan tarefas sen persoal para poder levalas a cabo, co cal que van facer? contratar máis asistencias técnicas para poder afrontalas?. A escusa de aforro fai un ou dous anos entenderíase pola crise, pero según o goberno, tanto autonómico como estatal, xa non estamos en crise, entón a que ven agora este despropósito?

No presuposto da SX de Calidade existen prazas aínda sen incluír na RPT e que se encontran habilitadas no orzamento (só no programa 541D hay 27 laborais temporais, dos cales só 13 están na RPT, e curiosamente dos 13, 10 serán postos amortizados nesta proposta). Esta modificación supón eliminar postos de traballo de forma cuantitativa, creando postos de maior nivel en todos os casos, asumindo que a plantilla de traballadores se sosteá mediante as asistencias actuais e futuras. Se o traballo se vai a externalizar a partires de agora na Secretaría Xeral de Calidade e nos servizos periféricos sería un bo momento para recoñecelo e facelo chegar á opinión pública. Non ten sentido falar de eliminar as prazas que pronto poderían ser parte de una Oferta Pública de Emprego para acto seguido afirmar que esta reestructuración permitirá mediante *“a amortización daqueles postos de traballo que desde o punto de vista organizativo perderon a súa funcionalidade, non sendo necesarios para o desenvolvemento das tarefas que ten encomendadas este centro directivo, para crear postos de traballo cunhas características e condicións máis axeitadas aos novos retos incluídos nas políticas medioambientais que xestiona este órgano superior.”*, dito na Memoria Funcional.

Ningún dos postos amortizados cubertos por persoal laboral perderon a súa funcionalidade, as tarefas en todos os casos seguirán facéndose, e os novos retos que plantexan as políticas medioambientais que xestiona este órgano superior non teñen sufrido menoscabo coa actualmente RPT, moi en contrario, se o traballo que se realiza por 10 persoas o van repartir entre os traballadores que actualmente quedan na RPT sería imposible a asunción das responsabilidades sen novas contratacións, encubertas por novos contratos de asistencia técnica no canto de crear prazas e habilitalas correctamente facendo que a estrutura da Consellería teña una coherencia superior a que se supón que esta RPT traslada, con novos mandos intermedios, menos traballadores en postos base ou laborais, e toda a carga técnica das tarefas que se realizan de forma continua e periódica nas asistencias técnicas existentes, con contratos que superan os 10 anos coa CMATI, donde a administración facendo unha selección propia dunha empresa privada, ten químicos, farmacéuticos, licenciados ambientais, enxeñeiros, administrativos, etc, todos eles contratados no pasado mediante TRAGSA e actualmente a través de TRAGSATEC.

Vese tamén unha elección malintencionada dos postos a amortizar, cunha falta total de unidade no criterio, porque se os traballos continúan no tempo non ten sentido amortizar a praza que ten contido asignado, nembargante nestes supostos se fala de ser o último no servizo ou que se precisa unha maior cualificación, ¿cal é o criterio?, a insuficiencia económica, o descredito persoal, a reorganización dun servizo, novas

responsabilidades para a Consellería ou un novo intento de trasladar ao xulgado a súa propia incapacidade na organización e creación dunha administración pública baseada en persoal contratado mediante os criterios de igualdade, mérito e capacidade, amortizando as prazas e continuando cos contratos externos non parece unha maneira lóxica de crear una administración sostida nos principios do Estatuto Básico do Emprego Público e as leis de desarrollo.

Por todo o indicado, solicitamos que actualicen a RPT con todos os postos que xa están nos orzamentos da CMATI, analicen as necesidades e insuficiencias en cada servizo seguindo os informes emitidos por cada xefe de servizo, non inventen supostas necesidades que no existen e que ningún xefe de servizo parece ter plantexado nestes termos, e creen as prazas necesarias sen por este feito prexudicar aos servizos que se van a reestructurar. Se estamos nos supostos tempos de mellora económica, e as nova lei de presupostos non obriga á amortización de todas as prazas vacantes, esiximos que non destrúan os postos que poden ser cubertos nas futuras OPEs e nos futuros procesos de provisión, e mais en especial non creen unha imaxe de administración xudicializada que non é certa, á Administración resúltalle moi sinxelo cumprir as leis de presupostos no caso de amortizar prazas (dende o noso punto de vista inaplicable ao tratarse dunha lei do ano 2013 que xa caducou e que foi substituída por, cando menos dúas leis de orzamentos, sen que estas últimas recolleran a obriga das amortizacións) pero non é nada doado convocar oposicións (libres ou internas), procesos de consolidación e Ofertas de Emprego Público reais e sostibles no tempo.

Solicitamos, que se teñan por entregadas estas alegacións á modificación da relación de postos de traballo da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e que sexan tidas en conta e, no caso contrario, que sexan respostadas por escrito motivadamente.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

Roberto Varela Gestal

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
EDIFICIO ADMINISTRATIVO SAN CAETANO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**